



## Temas varios.

# Propostas da CIG-Ensino na Mesa Sectorial.

### **Restitución do horario lectivo do profesorado. 18 e 21 horas.**

Hai xa 8 meses que a nova conselleira tomou posesión do seu cargo. Nese tempo non houbo nin o primeiro movemento para dar resposta ás demandas de recuperación de dereitos do profesorado ou para facer fronte ás máis destacadas demandas que como docentes temos e que quedaron perfectamente claras en diferentes campañas, como na que 12.000 docentes identificaron cales eran as medidas urxentes que se debían adoptar para mellorar as nosas condicións de traballo.

O grupo parlamentar do PP no Parlamento de Galiza tirou abaixo unha proposición apoiada por todos os grupos da oposición para recuperar os horarios anteriores aos recortes do 2011 e 2012. É un insulto á intelixencia e un desprezo ao profesorado afirmar que é preciso que o Estado destino previamente fondos para poder acometer esa recuperación dos nosos horarios cando todas sabemos que nestes anos á Xunta non se lle pasou pola cabeza devolverlle ao Ministerio de Educación os cartos que aforrou coa redución de

persoal docente forzada pola ampliación de horarios lectivos.

**A CIG-Ensino demandou por escrito a semana pasada a convocatoria dunha mesa sectorial para tratar a derogación das ordes polas que**

**se incrementou o noso horario**

**lectivo** desde as 21 ás 25 horas en primaria e desde as 18 ás 20 horas en secundaria. **A pregunta que traemos hoxe a esta Mesa é simple:** vaino facer a Consellaría ou vai provocar que o profesorado teña que mobilizarse na defensa dos seus dereitos?

A administración di que non se vai convocar Mesa até que haxa financiamento por parte do Estado. **A CIG considera un**

**insulto esta resposta.**

### **Regulación das afíns.**

Demandamos que se abra unha negociación para regular a impartición de materias afíns, que afecta especialmente aos corpos docentes de secundaria mais que xa se estenden ao corpo de mestres. É unha necesidade tanto desde o punto de vista profesional como de calidade do servizo educativo que prestamos que a impartición de

O profesorado non quere traballar menos, quere traballar mellor. Temos dereito a recuperar as 18 e 21 horas lectivas e non descansaremos até conseguilo.

materias afíns se reduzan ao mínimo e que nunca vaian máis alá de ámbitos académicos fixos e coherentes coa formación e titulación do profesorado.

A Consellaría non vai regular as afíns, volve asociar as afíns cos contratos temporais e afirma que a porcentaxe de contratos temporais en Galiza é moi inferior a outras comunidades. Para a CIG isto non pode ser unha resposta e debe acometerse unha verdadeira negociación das afíns.

### **Rede de dinamización da FP dual e vulneración da obriga de negociar por parte da Consellaría.**

---

A recente publicación dunha resolución pola que se creou unha rede destas características recibiu a crítica contundente da CIG-Ensino. En primeiro lugar pola propia concepción da FP dual, na que se está usando o alumnado como man de obra barata, sen cotización nin salario nin mecanismos de control sobre as empresas. Unha FP dual que implica unha alteración curricular en módulos que se impartirían en tres meses en vez de en seis ou nunha redución da formación práctica, ao acomodarse ás particularidades dunha empresa en vez de facelo cun carácter máis xeral.

Mais en segundo lugar polas formas. É impresentábel que a Dirección Xeral de FP publique unha convocatoria que afecta ás condicións laborais do profesorado sen pasar pola Mesa Sectorial. O que se fixo foi promover nomeamentos que implicaron abandonar a docencia no último trimestre do curso e a extensión inicialmente destes, con persoal interino ou en expectativa, máis alá do final de curso. A rectificación posterior só soluciona esa metedura de pata mais incida noutra torpeza, ao estender a liberación de docencia até finais de ano, e non de curso. Que vai pasar en xaneiro de

2020 se algunha das persoas non segue con ese cometido? Hai que desfacer horarios ou despedir a persoal interino que ocupa as súas prazas?

A subdirección de Centros e Recursos Humanos confirma que o persoal interino ou en expectativa con non pode ter continuidade neste programa. As prazas son até decembro de 2019 xa que dependen dunha subvención do Estado. De continuar habendo transferencia de orzamento se ampliaría o prazo. Para evitar problemas con posíbeis ceses de persoal interino as prazas deste profesorado serán cubertas con persoal substituto e non sairán no CADP.

A CIG-Ensino vai recorrer esa resolución porque non cumpriu coa obriga de negociala previamente na Mesa Sectorial, afectando a destinos e condicións de traballo do profesorado.

### **Destinos provisionais. Confírmase que o carácter fixo da orde de CADP é unha pésima idea.**

---

Xa o denunciámos o ano pasado. A CIG-Ensino está en contra de que a orde de CADP non pase anualmente pola MS como acontece co CXT. Este ano acabamos de ver como se está actuando con arbitrariedade e sen soporte legal no caso da petición de destinos de profesorado de PES de Inglés, Francés e Galego que, segundo a orde, teñen dereito a pedir destinos nas EOI na mesma instancia. Os cambios que se producen coa creación da lista de Inglés de EOI e a consecuente modificación do acordo de persoal interino, AÍNDA SEN PUBLICAR NO DOG, ten como consecuencia que este profesorado non poida pedir estes destino TAL E COMO APARECE NA ORDE. Do mesmo xeito o persoal interino de Inglés que pide CONCILIA ten que facer dúas instancias.



## **Problemas coa sede electrónica nas oposicións e expulsión das listas de persoal interino.**

---

Sabemos que se aceptaron, tal e como solicitamos desde a CIG-Enseño, as reclamacións de persoas que ficaron excluídas por problemas co pagamento ou con erros ao cubrir a instancia.

Somos conscientes de que quen non rexistrou correctamente na sede electrónica non pode ser admitida no proceso selectivo, por unha cuestión

de seguridade xurídica. Mais, aínda que son moitos menos que o curso pasado, preocupámonos a situación do persoal interino que pode ser excluído das listas e perder o seu posto de traballo. A Consellaría xa é consciente de que a posición da CIG-Enseño é que se atendan as reclamacións que presenten estas persoas e que se atenda á excepcionalidade da modificación do acordo de persoal interino do curso pasado que NIN SEQUERA ENTROU EN VIGOR FORMALMENTE XA QUE NON SE CHEGOU A PUBLICAR NO DOG. Por tanto, estamos a tempo de evitar eses despedimentos estendendo á excepcionalidade do curso pasado.

A Consellaría está disposta a estudar a nosa proposta mais interpela aos demais sindicatos para coñecer a súa postura, que finalmente se amosan coincidentes coa posición da CIG-Enseño. A Consellaría, unha vez que hai unanimidade sindical afirma que traerá unha proposta á Mesa Sectorial.

## **Redución do permiso de parto ou adopción en caso de discapacidade da filla ou fillo.**

---

A Consellaría ten que actuar con rigor. Tiña que ter publicado a modificación do acordo do persoal interino e traído á Mesa a modificación da orde de CADP. Non o facer é unha trapallada e obriga ao profesorado a proceder a pedir destinos en contra do que se dispón no DOG.

A administración acepta que o texto da orde de CADP contradíse co que están a facer e se é necesario traerán á mesa unha modificación da orde do CADP. En todo caso avanza que estamos nun período transitorio que levará a que o funcionariado do corpo de PES deixe de pedir destinos nas EOI. Sen entrar no fondo, desde a CIG entendemos que mentres non se regule hai que darlle saída a este problema.

## **Datas e prazos da petición de destino provisionais.**

---

Ao igual que coa orde, solicitamos que tamén se traia a Mesa a resolución coa convocatoria. Queremos ser escoitados antes de que se tome a decisión sobre os prazos e as datas. Preguntamos polas datas. Non proporcionan datas nin prazos mais afirman que serán similares ás do ano pasado.

A CIG-Ensino xa alertou da ilegalidade, desde o noso punto de vista, das Instrucións publicadas pola Consellaría sobre a adaptación dos permisos relacionados co nacemento de fillos ou fillas ás novidades legais e xa anunciamos que presentaríamos recurso se non se modificaban. Tras unha xestión con Función Pública infórmase nos de que a nosa interpretación é correcta e o permiso debe manterse como estaba, coa ampliación de 2 semanas en caso de discapacidade da filla ou fillo e non 1 semana como aparece nas Instrucións.

Solicitamos a modificación desas Instrucións e demandamos que para vindeiras ocasións estes temas sexan postos en común e negociados coa organizacións sindicais. Entendemos o normal é facer unha nova orde de permisos e licenzas nas que se recollan todas as novidades e que se traia á Mesa Sectorial.

A Consellaría indica que consultará con Función Pública e que, se o autorizan, modificarán as Instrucións inmediatamente.

## **Discriminación do alumnado de centros non plurilingües.**

A Consellaría de Educación limita a gratuidade para a certificación até o nivel C1 ao alumnado dos centros plurilingües e incide na privatización das certificacións de idiomas. Deben garantírselles os mesmos dereitos a todo o alumnado do país. O contrario supón unha xerarquización dos centros e unha discriminación do alumnado. Criticamos tamén que se lle dea este cometido a unha empresa privada cando sería máis económico e correcto facelo nas EOI.

## **As reválidas, na picota. A Xunta, nas verzas.**

A Consellaría segue como se non pasase nada. Despois de 5 anos dunha resposta social contundente en contra das reválidas, de ter á práctica totalidade da comunidade educativa en contra, de provocar o malestar das familias que teñen que buscarse a vida para non enviar ás fillas e fillos aos centros nos días das probas; despois de pasar da defensa a ultranza destas probas a pasar por ela como pisando ovos... aí está o noso goberno: na súa atalaia, fóra da realidade e levando labazada tras labazada. Como CIG-Ensino, ademais de esixir que dunha vez por todas cesen na enfermiza e contumaz posición numantina de manter as reválidas, aconsellámoslle que operen cun mínimo de intelixencia política. Dean marcha atrás, deixen de tirar os cartos, pidan desculpas polas molestias ás familias e recoñezan o inmenso erro cometido: enterren as reválidas.

## **Acumúlanse os problemas na cobertura de prazas de substitución.**

Xa nos temos dirixido en varias ocasións nestas últimas semanas á Consellaría trasladando problemas serios coa cobertura de prazas de substitucións. Sabemos dos problemas que se xeraron coa coincidencia de dous períodos electorais e o incremento de solicitudes de permisos sen soldo mais a **sobrecarga de traballo do persoal da Consellaría non pode derivar nun trato discriminatorio cara o profesorado**, tanto do que ten dereito a un permiso como o de que quere optar a unha substitución e non se dan cuberto.

Hai especialidades que se abriron unha ou mesmo dúas veces este curso e seguen dando problemas porque case non teñen xente nas listas. E hai casos doutras especialidades nas que si hai xente dabondo e non se cobren dúas prazas

nun mesmo centro (Mantemento de Vehículos no IES Martín Sarmiento). Mais non é unha excepción. **A Consellaría ten que tomar medidas para mellorar os chamamentos e asegurar as substitucións durante todo o curso e tamén no mes de xuño.**

A administración di que ten que modificar o acordo de persoal interino, xa que a xente ao non responder ás chamadas dificulta os chamamentos e queren modificalo para poder seguir chamando aínda que a xente non conteste.

### **Cobro das vacacións vinculadas ao traballo durante cinco meses e medio para o persoal substituto.**

---

Non nos cansamos, Mesa tras Mesa, de insistir na necesaria eliminación na Lei de Orzamentos do impedimento ao cobro desta contía eliminada pola Xunta. Non é de recibo que o profesorado máis precario non recupere ese dereito.

A Consellaría reitera a escusa de que non está previsto nos orzamentos e non se moven de aí.

### **Tribunais das oposicións**

---

Demandamos, como fixemos na Mesa na que se debateu a orde da convocatoria, que os tribunais deberían **especificar canto antes o material a levar para as distintas probas e os criterios de avaliación.** Deben facelo por escrito na web da Consellaría para evitar calquera malentendido das instrucións que se vaian dar oralmente no acto de presentación. Onte houbo reunión coas presidencias e lamentaríamos que non se tivese feito mais aínda se está a tempo de dar instrucións para que se

colgue toda a información canto antes.

A administración di que é consciente da importancia dos criterios de avaliación e incluso da xustificación dos exames con respecto aos criterios. Tamén comunican aos tribunais que é un concurso oposición e non unha oposición. Fan mención a unha sentenza gañada pola CIG-Ensino que obriga a repetir unha oposición por non xustificar o tribunal os criterios de avaliación.

### **Burocracia nos plans de formación nos centros.**

---

Os pagamentos de poñentes de cursos de formación en centros deixaron de depender dos CFR e pasaron a ser responsabilidade das secretaría, desvestindo un santo para vestir outro. Non se pode sobrecargar de burocracia aso equipos directivos para reducir (mercidamente) a carga de traballo do persoal asesor, e menos sen instrución claras de como teñen que proceder.

### **Exclusión das listaxes de persoal interino en caso de coidado de familiares a cargo.**

---

Detectamos algún caso de persoas a quen se lle comunica que van quedar fóra das listas cando as documentación achegada é idéntica a de anos



anteriores. A Consellaría non pode modificar as regras de xogo e o que valeu con anterioridade ten que seguir valendo.

**A administración di que está a ser máis rigurosa coas causas dada a cantidade de persoas que solicita a exclusión das listaxes polo coidado de familiares ao cargo.**

## **Modificación de horarios do profesorado de FP co inicio da FCT.**

Como xa denunciámos na Xunta de Persoal da Coruña é abertamente ilegal que unha vez que se inicia a FCT o profesorado faga substitucións por faltas dos compañeiros e compañeiras do centro.

A norma é suficientemente clara e debe chamárselle á atención a aqueles equipos directivos que obrigan a realizar funcións (substituír docentes de baixa médica) que non lle corresponden.

A Consellaría entende que é un caso puntual no CIPF Someso e que non se dan estes casos con carácter xeral.

## **Publicación da orde de titulacións para a incorporación a listas de persoal interino.**

Solicitamos que se nos indique cando se vai publicar.

Recibiron 575 alegacións e están nos trámites de revisión. Non poden adiantar datas.

## **Recoñecemento como antigüidade das vacacións non gozadas.**

A Consellaría non dá feito o traballo ao que se comprometeu e vai a golpes. Cando menos afirman que están en disposición de que o persoal que se presente ás oposicións teña recoñecida a antigüidade dos días de vacacións non gozadas.

## **Desconto do IRPF nos permisos de maternidade e paternidade para mutualistas de MUFACE.**

O CIXTEC segue sen solucionar o problema e mantense o desconto de IRPF nas nóminas. Aseguran que a solución se producirá proximamente e que os descontos practicados se devolverán non como atrasos senón modificando o tipo de IRPF para regularizar no conxunto do ano a cotización.

Cálculo da contía do complemento de IT en baixas superiores a 90 días do persoal de MUFACE. Están pendentes dun traballo técnico encomendado ao CIXTEC para que as xefaturas territoriais procedan ao complemento para cobrar o 100% durante o tempo de baixa (isto non afecta ao persoal do réxime xeral).

### **OS NOSOS LOCAIS**

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amariña@cig-ensino.gal](mailto:amariña@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)